Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A meiga espeluxada

Conta unha lenda galega

que alá na Toxiza víana pasar,

unha meiga espeluxada

sobor dunha xesta tentando voar.

Contaba Antón de Xóxaras,

o Gaiteiro de Zoñán,

que el sentíaa de noite

cando de Estelo baixaba

ao rematar de tocar.

Avelino de Porta de Cao,

rapaz novo e axeitado,

todos os días subía

para o lindeiro co gando.

Unha noite non baixou

porque a Marela inchaba

-— Non vaia ser que me vaia

e revente a condenada!

dixo o bo do Avelino

sen ninguén preguntar nada.

Alí ficou toda noite,

esperando a madrugada,

a ver que tiña de certo

o da meiga espeluxada.

Aló o raiar do día

Avelino viu pasar

algo que non endelgaba

para poder afirmar,

se aquelo que el ollaba

podía ser unha meiga

ou unha moza sen fogar,

desas que gardan o gando

sen lavar e sen peitear.

Despertou o Avelino

ao sentir o can ladrar

e nunca chegou a saber

se aquelo fora certo

ou se durmindo no monte

tamén se pode soñar.

[Poema da autoría de **Suso Uz**. Decembro de 2019]

COMENTARIOS ENVIADOS

A meiga expeluxada

Enviado por Suso Uz o 28/08/2024 ás 18:14:18